



GRUPO DE XOVES NUNHA
VISITA GUIADA POR
anabam
ÓS MUIÑOS DO FOLÓN.

anabam

Entidade ecolóxico-naturalista fundada no ano 1985 que desenvolve a súa actividade na comarca galego-portuguesa do Baixo Miño.

-Visitas guiadas ós máis importantes enclaves da comarca:

- ◆ Esteiro do Miño
- ◆ Muíños do Folón
- ◆ Litoral da Guarda
- ◆ Monte Santa Trega...

-Educación Ambiental

-Estudios de flora e fauna.

-Censo de aves acuáticas.

-Exposicións, concursos, charlas divulgativas.

-Publicacións relacionadas co Medio Ambiente e a Natureza do Baixo Miño.

-Saídas ó campo.

-Estación Ornitolóxica...

Tódolos sábados saídas de traballo ó campo. Estas saídas están abertas á participación de tódalas persoas que desexen colaborar activamente con esta Asociación, independentemente de que sexan socios ou non.

anabam

e-mail: anabam.anabam@terra.es
WEB: www.anabam.org



PUBLICACIÓN EDITADA COA COLABORACIÓN DE:



© anabam

TEXTO: Agustín Ferreira Lorenzo

FOTOGRAFÍA: Luis Dorado Senra

anabam

Apdo. 59

36780 A GUARDA

(Pontevedra)

TFN: 986 61 17 99

986 62 72 55

e-mail: anabam@interbook.net

anabam.anabam@terra.es

WEB: www.anabam.org

Abril: 2002

Imprime: Gráficas Lomba - O Rosal

Dep. Legal: VG - 499 - 2002

(Prohibida a reprodución total ou parcial desta publicación sen permiso ©)

MUÍÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN

O ROSAL

Antes de iniciar o recorrido, delle unha ollada a este caderno.

Caderno propiedade de

Data da visita

Hora de inicio da visita

Hora remate da visita



DATOS DE INTERESE

PROVINCIA: Pontevedra.

COMARCA: Baixo Miño.

MUNICIPIO: O Rosal.

ERMIDA DE SAN MARTIÑO, está a 500 metros da Chaira da Cereixeira. O 11 de novembro, día de San Martiño, celébrase unha romaría con procesión do santo, que ten grande arraigo popular.

CAMIÑO DO CARRO: Antigo sendeiro empedrado que discorre polos Muíños do Picón.

MUIÑOS DO "FOLÓN" son 36 que parten desde Martín. Se subdividen en 5 grupos:

1º GRUPO: Constituído por cinco muíños espaciados.

2º GRUPO: **Muíños de Padín**, conxunto formado por catro muíños (do nº 6 ó nº 9). Reciben este nome polo regato que se atopa ó seu carón: o regato de Padín.

3º GRUPO: **Muíños do sector medio**, do nº 10 ó 14, paralelos a unha canle e a senda pola que camiñamos.

4º GRUPO: **Muíños de Martín**, conxunto de muíños do nº 15 ó 22.

5º GRUPO: **Muíños do Cereixo**, do nº 23 ó 36. O caudal procede do regato da Cal a partir do "Nivel".

MUIÑOS DO PICÓN, conxunto formado por 14 muíños. Sitúanse a carón do Camiño do Carro.

POZAS E CASCADAS

Atopamos unha cascada entre o muíño 22 e 23. No verán esta cascada non leva auga. Na época de choiva, presenta o seu máximo esplendor. As pozas forman unhas pozas naturais excepcionais. Atópanse a uns 500 metros da Chaira da Cereixeira.

Este conxunto de Muíños está declarado **BEN DE INTERESE CULTURAL**, coa categoría de **Lugar de interese etnográfico** (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia -Decreto 27/98 do 22 de xaneiro).


Muíños do Folón e do Picón

Dificultade: Media; Duración: 2'30 horas


- 1** Inicio recomendado do routeiro.
- 2** Aparcamento.
- 3** Río Folón.
- 4** Regato Padín
- 5** Cascada do río Folón. Auga en época de chuvias.
- 6** Explanada da Cereixeira. Observar: atrapamoscas (Drosera) no verán. Auga fresca para beber.
- 7** Á Capela de San Martiño (500 metros).
- 8** Mirador da Cereixeira: Observar: Desembocadura do Miño; Seixas e Caminha (Portugal); Monte Santa Trega; Val do Rosal.
- 9** Ás Pozas do Regato da Cal. ¡¡ Olla: zona perigosa polo desnivel !!
- 10** Camiño do Carro. Observar: sucos das rodas sobre as rochas graníticas.
- 11** Conxunto de Muíños do Picón.
- 12** Barrio do Picón.



Plano de localización



PARTES DUN MUÍÑO



Inventario de Recursos del Bajo Miño

- | | |
|------------------|------------------------|
| 1. Viga da moega | 16. Trampa |
| 2. Corda | 17. Cruz |
| 3. Moega | 18. Vara da peixadoira |
| 4. Gran | 19. Lobete |
| 5. Cruciña | 20. Vara do reducio |
| 6. Cigorella | 21. Pexadoira |
| 7. Moa | 22. Reducio |
| 8. Pé | 23. Agulla |
| 10. Ollo | 24. Abradoira |
| 11. Caneleiro | 25. Rieiro |
| 12. Buxa | 26. Xateira |
| 13. Beo | 27. Puntais |
| 14. Argolas | 28. Espello da Bomba |
| 15. Mazo | 29. Cubo |
| | 30. Gradilla |

NOTAS SOBRE AS MARCAS

TIPOS DE MARCAS:

Cruces (*grega* -de brazos iguais- ou *latina* -máis longo o trazo vertical que o horizontal-), **datas** (de construción ou de restauración), **nomes, coviñas, riscos** (de carácter utilitario, trátase de marcas de afiado de diversos uteis).

ONDE ATOPALAS:

Nos linteis da porta, nas xambas, nas pedras de moer, nas pías, nas soleiras das fiestras... Ademais poden estar no interior ou no exterior.

SIGNIFICADO:

Algunhas están vencelladas as crenzas máis profundas das persoas que utilizaron os muíños, deste xeito protexían o acceso ó interior.

INFORMACIÓN DA COMARCA DO BAIXO MIÑO

O Baixo Miño é unha comarca situada no SW da provincia de Pontevedra.

Está formada por cinco municipios: Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia.

Ten unha superficie de 315 km².

O nº de habitantes é de 44.000.

Centros de interese:

Monte Trega : Poboado castrexo (A Guarda).


Esteiro do Miño: área de interese ornitolóxico (Inverno) (A Guarda).

Muíños do Folón (O Rosal)


Monte Aloia: Parque Natural (Tui).

Mosteiro (Oia).

Castelo (Goián-Tomiño).



REGATO DE PADÍN . NO CENTRO OS MUÍÑOS
NÚMEROS 8 E 9.



VISTA DOS MUÍÑOS DO FOLÓN DISPOSTOS EN CASCADA, SEGUINDO A
PENDENTE DO TERRENO.

VISITAS ORGANIZADAS



anabam.

é unha entidade que tamén organiza visitas guiadas a diversos enclaves naturais e etnográficos da comarca do Baixo Miño, como esta realizada á ferverza dos Muíños do Folón.



ESTA FERVENZA, QUE NO
VERÁN VAI SECA, ATÓPASE
ENTRE OS MUÍÑOS Nº 22 E
23. EN ÉPOCA DE CHUVIAS
ESTÁ NO SEU MÁXIMO
ESPLENDOR.

¿Poderías sinalar en que muíños se atopan os seguintes símbolos e en que parte deles se localizan?

SÍMBOLO	LOCALIZACIÓN	Nº DE MUÍÑO
		
		
		
		

OUTRAS INSCRIPCIÓNS	LOCALIZACIÓN	Nº DE MUÍÑO

¿Cal é a simboloxía que máis se repite?

¿QUE ANTIGUEDADE TEÑEN ESTES MUÍÑOS?

Nº DE MUÍÑO	DATA
16	

Imos fixarnos nas datas que aparecen inscritas nos linteis de varios muíños. Estas poden darnos unha pista para saber a antigüedad que teñen os mesmos.

Así, pois, as nosas observacións dinnos que este conxunto de muíños poden ter unha antigüedad, polo menos, de _____ anos.

O máis antigo é do século _____



Observa a xamba esquerda do muíño do Folón nº 21. A figura que presenta é a máis “sofisticada” de tódalas que aparecen nos muíños.

Fai un debuxo desa figura



MUIÑOS DO PICÓN



PROCESIÓN DE SAN MARTIÑO POLO CAMIÑO DO CARRO, PISTA QUE VAI DESDE O PICÓN ATA A EXPLANADA DA CEREIXEIRA. A FESTIVIDADE DE SAN MARTIÑO CELÉBRASE O 11 DE NOVEMBRO

O CAMIÑO DO CARRO



Observa os sucos na rocha viva producidos polos carros no seu trasego de subida e baixada.

Estamos no **camiño do carro** ou **camiño de San Martiño**.

Se seguimos por este sendeiro abaixo imos ó **barrio do Picón**, onde se atopa outro conxunto de muíños. Se imos cara arriba no final do camiño **á esquerda** chegaremos o muíño nº 36, se continuamos por este camiño, iremos á **Ermida de San Martiño**. Pero se no final do camiño, collemos **á dereita** chegaremos ás **pozas do regato da Cal. ¡ollo, perigo!**

A VEXETACIÓN

Varias especies de plantas silvestres podemos atopar no noso percorrido. Debemos prestar especial atención a algunhas delas que **se atopan en serio perigo de desaparecer** como as **plantas carnívoras: *Drosera intermedia* e *Drosera rotundifolia***. Estas plantas poden verse a partir de finais da primavera e todo o verán.



Drosera rotundifolia

ESPECIE PROTEXIDA: EXTREMA OS CUIDADOS, EVITA PISALA, NON A COLLAS. DEIXA QUE OUTROS PODAN VELA. CONTRIBÚE A SÚA CONSERVACIÓN.



CROQUE (*DIGITALIS PURPUREA*) PLANTA MOI ABUNDANTE QUE ENCHE DE COLORIDO O ENTORNO.

AS VISTAS



Sitúate desde o mirador próximo ó lugar chamado **Cereixeira**, (no mapa véxase o nº 8). Observarás a **desembocadura do Miño** (1); o monte **Santa Trega** (2); a **marxe portuguesa** (3) e o **val do Rosal** (4).